

Non me sentiría cómodo escribindo sobre Les Blank se pensara que lle ía facer máis mal que ben. Non é que espere que Blank escoite as miñas palabras de sabedoría; ó contrario, el debe seguir ó seu aire. Filmar músicos tan valiosos e pouco coñecidos (e raramente vistos) como Mance Lipscomb, Lightnin' Hopkins, Clifton Chenier e os Wild Tchoupitoulas é obviamente un servizo público, pero Blank é moito máis que un servidor público: é un home de visión. Aínda que Blank é venerado entre os devotos da música folk e/ou do documental, é como moito un nome para a maioría de membros do círculo da cultura (especialistas en rock and roll e cinéfilos), e máis lonxe do centro nin sequera é un nome. Isto é inxusto: merece selo. Logo de ter visto todo excepto o programa de primeiras obras na súa retrospectiva do MoMA o pasado verán, podo recomendar inequivocamente todos os seus filmes musicais (...). Pero engadiría que probablemente sería mellor para a vosa suspensión da descrenza se non os virades todos dunha vez.

Non vacaría en tragar o traballo de Blank enteiro eu mesmo porque a descrenza (ou polo menos a perspectiva crítica) non é algo que quixera evitar. As celebracións de Blank da vida rural e post-rural (a maioría delas situadas na zona musical de Louisiana-Texas Leste) teñen impulsado o entusiasmo de tantos dos nosos mutuos contemporáneos por tantos anos que sei que sería difícil buscar un portavoz máis elocuente da mentalidade *folkie*, e a pesar de que non me sentín hostil sentínome polémico. Non espero que esta distinción rompa moito o xeo cos *folkies*, a maioría dos cales incluso rexeitan a etiqueta hoxe en día. Os *folkies* sempre foron un grupo á defensiva. A finais dos 30 e comezos dos 40, cando a música folk foi por primeira vez equiparada coa música «do pobo» por pretendidos comisarios culturais, o inimigo era o formalismo europeo, caído en desgraza para un Partido Comunista repentinamente entregado a unha Fronte Popular Americanizada. A finais dos 50 e comezos dos 60, cando a liberdade personal, a xustiza social e a música tradicional formaron unha trindade indivisible para unha xeración menos ideolóxica, o inimigo era o conformismo, representa-

do pola traizón de venderse á industria nunha man e a recta academia na outra. Nestes días un resentimento xeralizado, enfocado maiormente nos medios (e a industria do disco), desvirtúa o bo traballo e o bo senso entre as superestrelas e os capitalistas primitivos. De momento, Blank está na última categoría, e aínda que penso que merece fama, non estou seguro de se me gustaría o que faría con ela. Os *folkies* reaccionan incluso máis estrañamente que a maioría da xente á fama: non hai sitio na súa visión da música para ela.

(...)

Pode parecer obvio dicir que os documentais musicais de Les Blank expresan a pasión *folkie* pola preservación, pero non o é, porque realmente quero dicir *expresar*. (...) Blank é un artista antes que un arquivista, un intérprete antes que un coleccionista. Os seus filmes iluminan a propia música só indirectamente; excepto *Chulas Fronteras*, sobre o híbrido estilo norteño da fronteira México-americana, non teñen moitas actuacións memorables. Pero din moito sobre a maneira na que Blank se relaciona coa música. E aínda que normalmente se di que as imaxes ás que se recorre (e recorre) no traballo de Blank (ceo e auga, raís e estradas, campos cultivados e casas mal construídas) son integrais ás músicas que celebra, iso é demasiado sinxelo. Sinalar que o reluciente lirismo dos seus planos de ceo-e-auga recorda á arte de Stan Brakhage (ou Walter de la Mare) máis que á de terrícolas como Hopkins, Lipscomb e Chenier non é suxerir que Brakhage (ou de la Mare) son algún tipo de influencia. A quen lle importa? É insistir en que o misticismo natural de Blank deriva directamente do blues. (...)

Blank non é un purista do country blues. O seu primeiro filme musical foi un bosquejo sobre Dizzy Gillespie subliñado pola conferencia-demostración do trompetista sobre o *staccato* e o *legato*. E como a maioría dos *folkies* estende os seus afectos nestes días incluso a música que inclúe instrumentos eléctricos e baterías (mentras sexa indíxena dunha localidade específica, non distorsionada pola comunicación de masas). Pero é o country blues (en toda a súa intensa emocionalidade, nítidos detalles e desconcertante lóxica asociativa) o que os seus filmes evocan. As texturas de Blank son maravillosas. Cun plano breve dunha pía de chanzos rotos ou de risos nun baile de granxa fai case palpables os mundos que celebra, e cunha secuencia maravillosamente estendida (na miña favorita, un pescador prepara unha comida das que fai a boca auga utilizando unha lata de salsa de tomate Hunt) pode suxerir un estilo de vida en toda a súa seductora inconsistencia. A súa paixón por retratar a comida rexional é tan voraz que incluso os que non o admiran atopan que as súas películas lles dan fame. Pero xusto porque os

Música, comida e a idea do «folk». Contra Les Blank

Robert Christgau

seus filmes buscan este tipo de concreción lenta e sensual, son entretidos da maneira na que o é o country blues; isto é, pódese esperar que a xente baile con eles só cando non hai nada máis áxil a man. A diferenza de Clifton Chenier ou os Wild Tchoupitoulas, Blank non ten demasiado ritmo; a súa lóxica é, de feito, asociativa, ofrecendo pouco na estrutura narrativa ou a análise incisiva.

É certo, por suposto, que algún tipo de análise está implícito no ritmo, forma e sentimento de filmes que (como carraspeou Hal Aigner en *Film Quarterly*) «recalcan a interrelación de toda existencia.» A calma secuencial de *A Well Spent Life* é tan apropiada para Mance Lipscomb (que pasou 65 anos coidando da granxa e tocando o seu blues na Texas rural antes de que un antropólogo o presentara ó mundo exterior) como a inquietude saltarina do relato que Blank fixo de Lightnin' Hopkins o é para un profesional de Houston de vida dura cuxa falta de fiabilidade o cineasta parece reacio a suxerir en termos máis específicos. *Spend It All*, sobre os cajun da rexión Bayou, contrasta de xeito similar coa máis inestable *Always for Pleasure*, sobre os festeiros do Mardi Gras en Nova Orleáns. Pero isto é bastante impreciso para a análise, e Blank normalmente achega algo un pouco máis programático. Case todos os seus filmes inclúen polo menos un eloxio á vida simple e espontánea a través dun entrevistado natural (pero evidentemente ideolóxico). E dúas das súas películas séntanse pacientemente mentras unha septuaxenaria se queixa de que as cousas se moven demasiado ás présas nestes tempos modernos.

A vantaxe de deixar que outros establezan lugares comúns por ti é ben coñecida, pero a ironía ou a distancia estética non é aquilo que busca Blank. Non é que lle falte sentido do humor. Hai moreas de filósofos naturais (ou de barra de bar) soltando cousas sen sentido nos seus filmes; como un coñecedor da ideosincrasia humana, probablemente sae buscando parvos. Algo máis sucede, porén, cando Mance Lipscomb enxalza un tempo no que simplemente cortabas unha rama para ter un bate de béisbol, ou cando un xoven fabricante de acordeóns cajun describe as satisfaccións do oficio. Estes heroes folk están falando por Blank (ou por Blank tal como el quería ser). Cando eleva unha frase como «sempre para o pracer» ou «gastalo todo» dende unha entrevista para o título, está obviamente poñéndoa en valor, e identificándose con ela.

Os folkies son acusados de condescendentes cara as subculturas polas que se preocupan, o cal é normalmente certo, pero ata onde eu entendo a glorificación é case igual de mala. Non só porque distorsiona as subculturas case da mesma maneira que a condescendencia, e non só porque tende a idealizar a pobreza. O que me preocupa máis é que está invariablemente impulsada pola anomía. É natural sentirse fóra de lugar na sociedade de masas do capitalismo tardío, pero só por esa razón tes que estar en garda contra a maneira na que a alienación sutil pode nesgar a túa perspectiva, inducíndote a que che gusten cousas sobre todo porque non son coma ti, ou a buscar salvación en lugar de consolo nas alternativas. Blank, que claramente cre que a imperfección é un signo de vitalismo, é demasiado sensible para caer na adoración cultural. Pero é igualmente un glorificador, ata tal extremo que me sentín impulsado a chamalo e preguntarlle se había cousas que non lle gustaran dos seus suxeitos. El admitiu que as había – o racismo cajun, por exemplo-. Cando lle dixen que non vira iso nas súas películas, recordoume unhas cantas imaxes que de feito captara e a algún nivel comprendera; é un tributo á sutileza de Blank, supoño, que non puidera dicir se o cineasta as comprendeu tamén. Pero Blank estivo dacordo en que maiormente deixou fóra o racismo. En xeral, díxome, pon nos seus filmes

«cousas que quería volver ver cando vexo a película». Esa é a razón de que nunca se amose á xente nos seus filmes vendo a televisión, a pesar de que se lles dá moito uso nos fogares que ten visitado.

Blank non estaba moi inclinado a teorizar, por suposto: gústanlle as imaxes, non as abstraccións. Usou a palabra «alienación», pero parecía máis cómodo co concepto que puxo contra ela: «diversión». A Blank gústalle a xente que sabe divertirse. Non é que estea confuso sobre o orixe de tal coñecemento. O «forte e cálido sentimento» nas comunidades que documenta é unha función de estabilidade: «a xente non ten que preocuparse sobre quen son; quen son é algo que fixa a súa cultura. Saben quen son, a onde pertencen, como se supón que deben actuar.» A pesar de que el mesmo non é dos que sentan a cabeza - «a idea de vivir coa mesma muller toda a miña vida asústame un pouco» - séntese atraído por aqueles que o son, e se ás veces se sente como un intruso cando está traballando, a compensación é que outras veces se sente como un membro da familia. Claramente, este é un home cunha forte aversión á alienación; como os clásicos teóricos da cultura de masas, incluso sinte ter que ver unha película nunha sala a escuras.

Blank é demasiado sofisticado para conformarse con ecuacións simplistas. Lonxe de insistir na pureza, sabe que entre os músicos cajun e norteños a forza cultural é idéntica á adaptabilidade híbrida. Non é un dogmatista anti-urbano, e celebra á xente das cidades que sabe como divertirse (os que conscientemente combaten a distracción de todo o ano que é a existencia urbana enfocando as súas vidas arredor do escape do Mardi Gras, que só sucede unha vez ó ano). Pero non é exactamente un fan da corrupción ou a penetración, nin tampouco un amante das cidades (ou dos suburbios; naceu nun en Florida). E non pode soportar a diseminación e a centralización que combinan para formar a cultura americana.

(...)

Como espero ter deixado claro, non me tomaría tantas molestias en meter o dedo no ollo se non pensara que Blank está en algo importante. Outro cineasta, Jean Renoir, ofrecía a formulación definitiva: «É practicamente a única cuestión desta época, esta cuestión do primitivismo e como pode sosterse fronte á sofisticación». Pero a pesar de que os éxitos e fracasos do traballo de Blank subliñan as dificultades que hai nesta cuestión, só na loita sindical de *Chulas Fronteras*, o seu filme máis rico sociolóxicamente, reconece as dificultades políticas que hai detrás del (a non ser que sexa realmente un deses que cren que se todos nós perseguiríamos un oficio o mundo podería axustarse correctamente). Por iso esta cuestión da igualdade económica e como pode reconciliarse cos imperativos da autorrealización é tamén a única cuestión da época.

Os críticos de rock levan unha década tanteando a cuestión de Renoir. Seino a través de Stanley Crouch, que atopa a súa propia resposta en Sonny Rollins e Muhal Richard Abrams. Pero mentres atopo a resposta do jazz elocuente, excitante e esencial, tamén a atopo culturalmente incompleta; se non elitista, polo menos exclusiva e meritocrática, e se non demasiado abstracta, polo menos demasiado civilizada. Non me gusta o estilo dos folkies, reverenciando o tradicionalismo, pero si que comparto a súa atracción a... que? O esencial? O simple? O primitivo? O atávico? Estou fascinado por Les Blank en parte porque non estou seguro.

(...)

Robert Christgau, Village Voice, 19 de novembro de 1979
Texto completo dispoñible online (en inglés) en: <http://www.robertchristgau.com/xg/misc/blank-79.php>